

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

ACTA Nº 2018/2 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN - VENRES 27 DE ABRIL DE 2018 -

Preside :

Benigno Galego Castro

Asisten :

Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros , Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao

Ausencias: Ningunha

Secretaria-interventora :

Paula Díaz Tie


Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación , se procede da acta do pleno reunido o día 28/02/2018 . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobaron a acta anterior

2. Proposta de modificación das bases de execución do presuposto municipal para o ano 2018.Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguintes :**Proposta de modificación o contido do artigo 25 das Bases de execución do Presuposto Municipal para o ano 2018 .**

Motivado pola non inscrición da Asociación para o desenvolvemento do turismo de calidade da comarca do Ortegal no Rexistro Municipal de asociacións do Concello e co gallo de poder fomentar a celebración do vinte aniversario da Asociación de Mulleres Rurais , esta alcaldía propón a o pleno a adopción do seguinte acordo : **Primeiro** : Modificar o cadro da entidades beneficiadas das subvencións nominativas para o ano 2018, quedando o paragrafo quinto do artigo 25 das Bases de execución do presuposto redactado do seguinte xeito : Terán carácter de subvención nominativas as que se relacionan deseguido, o seu carácter nominativo ven determinado pola imposibilidade de promover a concorrencia de beneficiados dada a existencia no termino municipal dunha única entidade ou persoa que promova os fin que o concello pretende fomentar coa concesión destas subvencións, tales como a promoción das festas de cada parroquia e a festa da Malla, a promoción cultural no colexio e no IES, fomento e ensinanza do fútbol ou do baile e



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002


música tradicional ou o canto coral, así como a promoción da muller nos ámbitos social, laboral e cultural e o apoio a labor de prevención dos incendios forestais no termo municipal .

Nome da persoa ou entidade beneficiada	Actividade a fomentar	Importe anual
Asociación CEBARCA	Fomento das actividades deportivas	1.800,00 €
Colexio público de A Barqueira	Fomento das actividades extra escolares e excursión fin de curso	800,00 €
APA Os Carrís do CEIP A Barqueira	Fomento de actividades no entorno escolar	500,00 €
I.E.S. Punta Candieira de Cedeira	Fomento de actividades culturais, educativas e de ocio	200,00 €
Comisión de festas de Cerdido,	Fomento das festas parroquiais	600,00 €
Comisión de festas da Barqueira	Fomento das festas parroquiais	800,00€
Comisión de festas dos Casás	Fomento das festas parroquiais	600,00€
Asociación PROMACER	Fomento da labor do control e prevención de incendios	1.000,00 €
Asociación Airiños dos Carrís	Fomento do baile e música tradicional	700,00 €
Asociación Arumes do Castro	Fomento do grupos corais non profesionais.	350,00 €
Asociación Reparacións Maquinaria Antiga de Os Casas	Fomento da Festa da Malla	800,00 €
Asociación de Mulleres Rurais Albar Quercus	Promoción da muller rural nos ámbitos laboral, social e cultural	2.350,00 €

A simple consignación nominal de subvencións nos créditos do estado de gastos do orzamento e nas súas bases de execución non constitúe unha obrigaçión de carácter inmediato para a entidade local. Deberá iniciarse un procedemento de concesión e xustificación da subvención correspondente .

Os membro do pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobou a proposta anterior . Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martinez Martinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martinez , David Prada Aneiros e o voto da Alcaldía e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao

O Alcalde explica que Asociación do turismo do Ortegal non presentou a documentación para inscribir no rexistro de asociacións do Concello que lle foi requirida polo que o importe presupostado para esta asociación se lle da a asociación de mulleres rurais . Con esa asociación tiñase un compromiso municipal de colaborar na celebración do vinte aniversario coa contratación dunha carpa para realizar a festa , pero como esta festa realizouse nun restaurante de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Cedeira , incrementase o importe ao redor de 1500 euros ,que seria o prezo aproximado da instalación da carpa , para colaborar no vinte aniversario , esta cantidade ten que ser xustificada pola entidade non estando permitido a xustificación con gastos de comida .


A concelleira Ana Rodríguez Montero , considera discriminatorio que as comisións de festas teñan diferentes importes na subvención

O alcalde explica que a comisión de festas da Barqueira se lle dan 200 euros mais porque é a mesma comisión do ano pasado , e no exercicio pasado pese a organizar a festa da Pilarica non se lle deu nada por que se organizaron moi tarde

Control e fiscalización dos órganos de goberno

3.-Dar conta das Resolucións da Alcaldía . A Secretaria deu lectura a relación de decretos da Alcaldía que se copia deseguido :

42/2018	23/02/18	Expediente da sesión do Pleno ordinario do Concello de Cerdido de Febreiro 2018
43/2018	23/02/18	Renovación cesión local
44/2018	26/02/18	Decreto de aprobación dos Planes presupostarios a medio prazo 2018/2021
45/2018	28/02/18	Inicio de expediente de clarificación de titularidade de parcela
46/2018	28/02/18	Contrato menor de servizo para a realización dun obradoiro de memoria e ximnasia
47/2018	28/02/18	Decreto de aprobación da certificación Núm. 2 da obra :Camiño da Barqueira a Barbas .POS 2017
48/2018	28/02/18	Tramitación de Decretos: Aprobación pagos, facturas de 95/2018 a 226/2018. e outros pagos.
49/2018	02/03/18	Solicitud de uso e liquidación da taxa pola utilización de instalacións municipais. local adxudicado: local Avispeira o día 3 de marzo de 2017
50/2018	05/03/18	Alta no padrón municipal de habitantes en Regueirolongo, 3
51/2018	05/03/18	Contrato Menor de servizos de asesoramento urbanístico
52/2018	06/03/18	Contrato menor de servizos para á Modificación puntual da RPT do Concello de Cerdido.




Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

53/2018	12/03/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de febreiro do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
54/2018	12/03/18	Autorización para celebrar unha xuntanza nos Casás o 17 de marzo de 2018
55/2018	15/03/18	Bolsa para a selección persoal laboral temporal de auxiliar de axuda no fogar .
56/2018	15/03/18	Decreto de aprobación da certificación Núm. 2 e final da obra : Camiño Felgosas a Casaldaia de arriba (A Barqueira)
57/2018	21/03/18	Decreto para aprobación dun complemento de antigüidade dun traballador municipal José Herminio Puentes
58/2018	22/03/18	Solicitud de subvencións socorrismo acuático para concellos interiores da provincia
59/2018	23/03/18	Tramitación de Subvencións do Plan medio ambiente 2016 complementario Deputación
60/2018	03/04/18	Decreto de aprobación da certificación numero 2 e final da obra :Acondicionamento Area Recreativa O Castro , incluído no PAS 2015
61/2018	04/04/18	Solicitud de subvención do Programa de integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20. habitantes anualidade 2018
62/2018	09/04/18	Relación de recibos correspondentes ó mes de marzo do 2018 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar
63/2018	09/04/18	Decreto de aprobación da liquidación do presuposto do ano 2017
64/2018	09/04/18	Contrato Menor de servizos para a dirección da obra : Camiño Cruz dos Novas a Fercoi (A Barqueira)e outros incluído no Plan mellora de camiños municipais AGADER 2017-2018
65/2018	09/04/18	Adxudicación do contrato de obra : Camiño Cruz dos Novas a Fercoi incluído no Plan de Mellora de camiños municipais 2017-2018 AGADER
66/2018	09/04/18	Modificación presupuestaria 03/2018 por incorporación de remanentes
67/2018	11/04/18	Decreto de aprobación de pagos y facturas número 2018/227 ata 2017/375, e outros pagos.
68/2018	11/04/18	Solicitud de aula en Avispeira para curso de formación
69/2018	11/04/18	Convocatoria XVIII Concurso de Contos 2018
70/2018	11/04/18	Autorización para usar un local de Avispeira os luns e mércores de 11:00 a 12:00 para dar clases de pilates
71/2018	16/04/18	Decreto de aprobación do alugueiro do primeiro piso dereita da escola dos



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

		Casás
72/2018	17/04/18	Decreto de contratación de persoal de axuda no fogar para cubrir as vacacións do resto do persoal durante 2018
73/2018	18/04/18	Arquivo do expediente de inclusión da Asociación para o Desenvolvemento de Turismo de Calidade da Comarca de Ortegá no rexistro de asociacións do Concello de Cerdido.
74/2018	23/04/18	Sesións Plenarias ordinario de abril de 2018
75/2018	20/04/18	Contrato menor para a subministración de mobles para unha vivenda municipal da Escola dos Casás

A Concelleira Ana Rodríguez Montero solicita que se lle aclare o contido dos seguintes decretos :

Núm. . 68/2018 . O alcalde explica que se trata de autorizar a Deputación para usar a casa da cultura par un curso de axuda a domicilio


En relación os mobles da vivenda dos Casás , de que mobles se trata ? O alcalde explica que son mobles para o dormitorio , unha mesa , catro cadeiras , un moble para o salón e dous , mobles para cuarto de baño tendo un custe de aproximadamente 2500,00€

4.- Dar conta da aprobación da liquidación do presuposto do ano 2017. A secretaria deu lectura o Decreto da Alcaldía 63/2018 do día 09/04/2018 no que se aproba a liquidación do exercicio do ano 2017 que se copia deseguido :

Antecedentes administrativos Expediente da liquidación do presuposto municipal de 2017 ,Informes redactados pola secretaria-interventora o día 09.04.2017.**Lexislación aplicable**

Artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo. Esta Alcaldía **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a **liquidación do exercicio económico de 2017**, de acordo co seguinte detalle de resultados:



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:	106.820,80 €
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	64.488,56 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	20.345,76 €
c.- de operacións non presupostarias	21.986,45 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	
2.--Acredores pendentes de pago a fin de exercicio	34.898,37 €
a.-De presuposto corrente	10.377,58 €
b.- De presuposto pechado	660,94 €
c.-Outras operacións non presupostarias	23.859,85 €
d.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	143.483,32 €
4. Remanente de tesourería total (3+1- 2)	192656,77 €
5.- Saldo de dubidoso cobro	12,595,54 €
6.- Exceso de financiamento afectada	4.440,15 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6)	175.621,08 €

1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.084,465,77 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.099.126,52 €
3. Resultado Presupostario (1 - 2)	-14.660,75 €
4. Desviacións positivas de financiamento	35.063,11 €
5. Desviacións negativas de financiamento	96.434,99 €
6. Gastos financ. con remanente líquido tesourería gastos xerais	75.273,89 €
7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=	121.985,02

SEGUNDO : En cumprimento do disposto no artigo 11 da Lei orgánica 2/2012 do 27 de abril de Estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira a execución do presuposto do ano 2017, non se cumpriu co obxectivo de estabilidade presupostaria e cumpríuse coa regra de gasto segundo se desprende do informe da secretaria – interventora e se recollen nos seguintes cadros :

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.084.465,77	1.099.126,52	6.736,62	0,00	-7.924,13

Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local -7.924,13


LA CORPORACIÓN LOCAL NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Documt

Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

) de



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Entidad	Gasto computable Liq.2016 sin IFS (GC2016) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2016) (11)	(2)= ((1)-{11})*(1+TRCPIB)	Aumentos/disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2017 (IncNorm2014) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2017) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2017 (GC2017) ^V (6)
11-15-025-AA-000 Cerdido	691.967,52	-9.246,58	697.058,08	0,00	-57.049,94	697.058,08	644.150,88
Total de gasto computable	691.967,52	-9.246,58	697.058,08	0,00	-57.049,94	697.058,08	644.150,88


Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2017" (GC2017) (5)-(6) 52.907,20
% incremento gasto computable 2017 s/ 2016 -5,65

LA CORPORACIÓN CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO de acuerdo con LO 2/2012. Esta valoración es sin perjuicio del cumplimiento o incumplimiento establecido en el Plan Económico Financiero (PEF)

TERCEIRO Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda.

5. Dar conta da remisión dos datos de execución do presuposto do primeiro trimestre do ano 2018 ao Ministerio de Facenda e Función Pública . A secretaria deu lectura a información

CONCEPTO	RECAUDACIÓN/PAGOS REALES Y ESTIMADOS						
	TRIMESTRE CERRADO RECAUDACIÓN/PAGOS ACUMULADA AL FINAL DEL TRIMESTRE VENCIDO (2)						
	NO INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	CORRIENTE INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	TOTAL	NO INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	CERRADOS INCLUIDOS EN LOS CÁLCULOS DEL PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES	TOTAL	TOTAL
Fondos líquidos al inicio del periodo (1)							143.483,32
Cobros presupuestarios			316.278,01			47.084,13	363.362,14
1. Impuestos directos			103.934,78			0,00	103.934,78
2. Impuestos indirectos			1.564,64			0,00	1.564,64
3. Tasas y otros ingresos			27.708,80			6.083,67	33.792,47
4. Transferencias corrientes			147.148,72			41.000,46	188.149,18
5. Ingresos patrimoniales			3.823,84			0,00	3.823,84
6. Enajenación de inversiones reales			0,00			0,00	0,00
7. Transferencias de capital			32.097,23			0,00	32.097,23
8. Activos financieros			0,00			0,00	0,00
9. Pasivos financieros			0,00			0,00	0,00
Cobros no presupuestarios			14.762,82			0,00	14.762,82
Cobros realizados pendientes de aplicación definitiva			0,00			0,00	0,00
Pagos Presupuestarios	99.356,48	150.482,52	249.839,00	7.650,13	0,00	7.650,13	257.489,13
1. Gastos de personal	94.906,43	0,00	94.906,43	7.650,13	0,00	7.650,13	102.556,56
2. Gastos en bienes corrientes y servicios	2.242,76	53.467,47	55.710,23	0,00	0,00	0,00	55.710,23
3. Gastos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
4. Transferencias corrientes	2.207,29	0,00	2.207,29	0,00	0,00	0,00	2.207,29
5. Fondo de contingencia y Otros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
6. Inversiones reales	0,00	97.015,05	97.015,05	0,00	0,00	0,00	97.015,05
7. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
8. Activos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
9. Pasivos financieros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pagos no presupuestarios	17.717,00	0,00	17.717,00	0,00	0,00	0,00	17.717,00
Pagos realizados pendientes de aplicación definitiva	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Fondos líquidos al final del periodo							246.402,15



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

remitida ao Ministerio de Facenda que se copia desequipado :Informe de Intervención Paula Díaz Tie , secretaria -interventora do Concello de Cerdido o abeiro do establecido na Orden HAP / 2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira informa : Primeiro :Que o día 19.04.2018 remitiuse con certificado dixital a información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao abeiro do disposto a Orden HAP /2105/2012, do 1 de outubro , pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información prevista na Lei Orgánica 1/2012 do 27 de abril de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira correspondente o primeiro trimestre do ano 2018 , tanto os datos presupostarios como os anexos dos informes , dos que resalto a seguinte información que se resume nos seguintes datos :

6.- Dar conta do escrito remitido por AGADER , no que se autoriza a venda da casa de turismo rural municipal de O Cabaneiro .

A Secretaria da lectura o escrito remitido pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data rexistro de entrada 19/04/2018 , no que se autoriza a venda da "Finca Cabaneiro " tendo en conta que o comprador subrogarase nas obrigas do promotor ata o ano 2023 , debendo comunicar a venda a AGADER


O alcalde explica que o que se pretende é coñecer a opinión de todos os concelleiros sobre unha posible venda da casa de turismo rural , para poder ter unha proposta conxunta de todos . O prezo da casa que foi valorada polos servizos técnicos da Deputación ronda os 350.000,00 euros

A concelleira Ana Rodríguez Montero , explica que é unha inversión de moitos cartos e indica a posibilidade de barallar outras opcións como un aluguer integro da casa xestionada polo Concello , en canto o prezo da casa parécelle excesivo .

O concelleiro José Esmoris , toma a palabra e considera mellora alugar que vender

O concelleiro Juan Ramos Prieto , explica que lle poden realizar pequenos investimentos de arredor de 14.000 ,00 e logo podela sacar en aluguer

O concelleiro Pablo Casas Cibreiro , indica que sería partidario da venda si os cartos se



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

investiran en compra de vivenda

O Alcalde explica que a casa ten moitos gastos de mantemento , no caso de aluguer deberíamos afrontalos o concello . Expón que non lle parece ben inverter cartos na casa para que mais tarde , tras un procedemento de contratación , non a colla ninguén

Os concelleiros David Prada , Cándido Prieto Lago , Marina Tojeiro e Rodio Martinez manifestan a súa opción de venda .

O alcalde manifesta que esta disposto a consensuar o destino dos cartos da venda , e pensa que é unha boa opción a venda .

O resto dos concelleiros , tras conversar sobre o prezo da casa , pensan que a taxación e moi elevada pero manifestan unha valoración positiva si se vende no prezo taxado


Mocións de urxencia

A alcaldía , presenta unha moción para aprobar o Plan económico Financeiro 2018-2019 motivado polo incumprimento de estabilidade presupuestaria , a urxencia ven xustificada porque a Xunta xa nolo reclamou

Os membros do pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a incorporaron do asunto na orde do día

7.- Plan económico -financeiro do Concello de Cerdido 2018-2019

A secretaria deu lectura a seguinte proposta : Unha vez realizado o Plan económico-financieiro asinado polo Alcalde do Concello do 23/04/2018, cuxa necesidade se orixina pola Liquidación do Orzamento municipal I do exercicio 2017 e considerando que o Plan proposto é conforme ao establecido no artigo 21 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e ao artigo 9.2 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sendo competente para a súa aprobación o Pleno da Corporación.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

A alcaldía propón a adopción do seguinte acordo :

Primeiro: Aprobar o Plan económico-financieiro do Concello de Cerdido nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente acordo.

Segundo : Remitir o expediente á Comunidade Autónoma de Galicia, que ten a tutela financeira das entidades locais de acordo ao disposto no artigo 49 do Estatuto de Autonomía para Galicia e no artigo 330 da Lei de administración local de Galicia, para os efectos previstos na normativa de aplicación.

Terceiro : Publicar O Plan económico-financieiro publicarase no Boletín Oficial da Provincia nos termos establecidos no derradeiro parágrafo do apartado 4 do artigo 23 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e no Portal da transparencia do Concello de Cerdido

Documento anexo :

PLAN ECONOMICO FINANCIERO DO CONCELLO DE CERDIDO 2018-2019

I . Introducción


A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das entidades locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, coherente coa normativa europea e de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais.

Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente, avaliarase o cumprimento da Regra do Gasto, para os efectos que a variación do gasto computable non supere a taxa de referencia do crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade

Mediante Decreto de Alcaldía do 09.04.2018 apróbbase a liquidación do orzamento municipal 2017,



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

onde se pon de manifesto o incumprimento da estabilidade presupostaria .

Este feito implica a necesaria formulación dun Plan Económico-Financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da estabilidade presupuestaria , de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

II. Contido e tramitación.

De acordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo establecido
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.


O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento

III. Situación actual .

Diagnostico económico -financeira .

Para levar a cabo o estudo da situación económica -financeira do Concello de Cerdido , realizaremos un estudo e análise dos datos da liquidación dos últimos tres exercicios , que son 2015,2016 e 2017 , xa que o análise dos tres últimos exercicios permiten obter a información necesaria para determinar as causas que levaron o incumprimento da estabilidade presupostaria , posta de manifesto coa aprobación da liquidación do ano 2017 por Decreto da Alcaldía do día 09.04.2018

A.- Ingresos . Dereitos recoñecidos netos . DR .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Cap		2017	2016	2015
1	Impostos directos	175.88,49 €	179.659,68 €	177.769,31
2	Impostos indirectos	1.184,26 €	2.550,79 €	1.864,11
3	Taxas e outros ingresos	114.849,48€	100.740,41 €	113.017,92
4	Transferencias correntes	656.356,06 €	594.517,43 €	577.191,98
5	Ingresos patrimoniais	17,662,83 €	13.189,01 €	16902,75
6	Alleamentos de investimentos	0,00 €	0,00 €	0,00 €
7	Transferencias de capital	119.324,65 €	252.966,58 €	258.404,44
8	Activos financeiros			
9	Pasivos Financeiros			
		1.084,465,77 €	1.143.623,90 €	1.145.150,51


Destaca da información anterior , a gran redución no ano 2017 dun 52,82 % das transferencias de capital recibidas respecto 2016 , cun menor ingreso de 133.616,94 €, así como un aumento dun 10,40 % das transferencias correntes do ano 2017 respecto do ano 2016

B.- Gastos . Obrigacions Recoñecidas netas. OR

Cap		2017	2016	2015
1	Gastos de persoal	467.035,12€	468.143,87 €	435.047,45
2	Compra de bens e servizos	353.158,65 €	345.033,45 €	370.424,78
3	Gastos financeiros	0,00	0,00	0,00
4	Transferencias correntes	12.886,04 €	14.246,48 €	11.642,69
6	Investimentos reais	266.046,71 €	295.817,95 €	296.280,43
7	Transferencias de capital	0,00 €	0,00 €	0,00 €
8	Activos financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
9	Pasivos Financeiros	0,00 €	0,00 €	0,00 €
		1.099.126,52 €	1.123.241,75 €	1.113.395,35

Destaca os gastos de investimentos no ano 2017 , que sufriron unha redución dun 10,06 % cun total de 29.771,24 € respecto o ano 2016

Os investimentos municipais foron financiados cunha maior porcentaxe de achega municipal que no ano 2016 , un 55,14 % de achega municipal do ano 2017 fronte a un 14,48 % de achega municipal no ano 2016.



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Análise das principais variables financeiras

A.- Estabilidade presupuestaria

Liquidación 2017

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.084.465,77	1.099.126,52	6.736,62	0,00	-7.924,13

Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local -7.924,13

LA CORPORACIÓN LOCAL NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Liquidación 2016

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.203.993,73	1.123.241,75	17.555,37	0,00	98.307,35

Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local 98.307,35

LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Liquidación 2015,

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-025-AA-000 Cerdido	1.145.150,51	1.113.395,35	1.454,53	0,00	33.209,69

Objetivo en 2015 de Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación contemplado en

Regra de Gasto


LA CORPORACIÓN LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA

Liquidación 2017

Entidad	Gasto computable Liq.2016 sin IFS (GC2016) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2016) (11)	(2) = ((1)-(11))* (1+TRCPIB)	Aumentos/disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2017 (IncNorm2014) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2017) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2017 (GC2017) ^Y (6)
11-15-025-AA-000 Cerdido	691.967,52	-9.246,58	697.058,08	0,00	-57.049,94	697.058,08	644.150,88
Total de gasto computable	691.967,52	-9.246,58	697.058,08	0,00	-57.049,94	697.058,08	644.150,88

Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2017" (GC2017) (5)-(6) 52.907,20
% incremento gasto computable 2017 s/ 2016 -5,65

LA CORPORACIÓN CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO de acuerdo con LO 2/2012. Esta valoración es sin perjuicio del cumplimiento o incumplimiento establecido en el Plan Económico Financiero (PEF)



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Liquidación 2016

Entidad	Gasto computable Liq. 2015 sin IFS (GC2015) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2015) (11)	(2)= ((1)-(11))* (1+TRCPIB) (11)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2016 (IncNorm 2016) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2016) (4)	Limite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2016 (GC2016) ^V (6)
11-15-025-AA-000 Cerdido	730.056,22	-5.542,00	737.555,48	0,00	-9.246,58	737.555,48	682.720,94
Total de gasto computable	730.056,22	-5.542,00	737.555,48	0,00	-9.246,58	737.555,48	682.720,94

Diferencia entre el "Limite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2016" (GC2016) (5)-(6) 54.834,54
% incremento gasto computable 2016 s/ 2015 -6,48

LA CORPORACIÓN CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO de acuerdo con LO 2/2012. Esta valoración es sin perjuicio del cumplimiento o incumplimiento establecido en el Plan Económico Financiero (PEF)

Liquidación 2015

	Gasto computable Liq. 2014 sin IFS (GC2014) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles L-2014 ^{II} (11)	(2)= ((1)-(11))* (1+TRCPIB) (11)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2015 (IncNorm 2015) ^{IV} (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles L- 2015 (4)	Limite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2015 (GC2015) ^V (6)
C. Enbedamento	3.332,81	-71.728,77	660.074,89	0,00	5.542,00	660.074,89	724.514,22
	3.332,81	-71.728,00	660.074,89	0,00	5.542,00	660.074,89	724.514,22

Diferencia entre el "Limite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2015" (GC2015) (5)-(6) -64.439,33
% incremento gasto computable 2015 s/ 2014 0,16

LA CORPORACIÓN NO CUMPLE CON EL OBJETIVO DE LA REGLA DEL GASTO de acuerdo con LO 2/2012. Esta valoración es sin perjuicio del cumplimiento o incumplimiento establecido en el Plan Económico Financiero (PEF)


Como xa se indicou nos informes de liquidación o saldo de débeda viva ,é nulo , e dicir non hai capital financeiro pendente de cancelar ao final do exercicio

DEBEDA COMERCIAL E PMP

2017:PMP -22,41
2016: PMP -16,95
2015: PMP 12,61

IV. Conclusión e causas do incumprimento da estabilidade presupostaria .

→ Estabilidade presupostaria :



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

No ano 2017 incumpríuse a estabilidade presupostaria por un desfase de ingresos e gastos de 7924,13 euros, cantidade de importancia relativa, tendo en conta que se realizaron uns gastos de investimentos financiados con remanente de tesoureira por un importe de 75.273,89 €

→ Regra de gasto

Cumpríuse durante os exercicios do ano 2016 e 2017

→ Débeda Pública

Inexistente durante os tres exercicio

→ Débeda comercial

O período medio de pago (PMP) cumpre dabondo co prazo legal establecido .


Causa do incumprimento e previsión tendencial

Utilización do remanente de tesoureira como recurso para financiar modificacións de crédito, que deron lugar a Obrigas recoñecidas durante o exercicio de 2017 por un importe de 75.273,89 €

Exercicio	2017	2016	2015
Orzamento inicial	1.274.285,00	1.151.000,00 €	1.043.200,00 €
Remanente de tesoureira	175.621,08 €	173.166,22 €	123.159,15 €
Modificación de crédito financiadas por remanente de tesourería	153.674,12 €	98.874,24 €	0,00
Orzamento definitivo	1.650.095,56	1.587.277,82€	1.421.049,17€

Atendendo a criterios presupostarios, a Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Presupostos das Entidades locais, dispón que as aplicacións ao presuposto dos ingresos contidos no remanente de tesouraría recolleranse, ao longo do exercicio, no capítulo 8 do presuposto de ingresos de cada entidade local, sen que en ningún caso tales ingresos poidan formar parte dos créditos iniciais do presuposto. Considerando o exposto, o remanente de tesouraría configúrase como un ingreso financeiro cuxa utilización esixe a tramitación dun expediente de modificación presupostaria para destinalo ao financiamento do fin imposto por unha norma con rango de lei de forma que, se financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade presupostaria e, posiblemente, o límite fixado pola regra de gasto.

En relación aos efectos da estabilidade presupostaria a esta utilización do remanente e seguindo as



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002


consideración recollidas na plataforma de COSITAL network do Director do Observatorio de Estabilidade Presupostaria da Intervención xeral do Estado (IGAE) de data fecha 17 de maio de 2013 considero que :

O remanente de tesouraría configúrase como un ingreso financeiro que, financia gastos de carácter non financeiro, dará lugar necesariamente a un incumprimento do principio de estabilidade presupostaria e, posiblemente, do límite fixado pola regra de gasto e esixirá a aprobación dun plan económico financeiro, posto que, conforme á normativa actual, xera inestabilidade presupostaria no momento de executar a modificación presupostaria, O remanente de tesouraría, aínda cando se configura contablemente como un activo financeiro, a súa natureza identificaríase co aforro que xera unha entidade local nun exercicio como consecuencia do desfase entre a execución duns ingresos presupostarios e as obrigas recoñecidas ás que están afectados de forma tal que ese aforro haberá de ser utilizado como fonte de financiamento das obrigas de exercicios posteriores a aquel no que se obtivo. En consecuencia, non cabe admitir que a utilización do remanente de tesouraría afectado por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, é máis, habería de identificarse cunha situación de superávit presupostario no momento da liquidación do presuposto.

Sentada a natureza do remanente de tesouraría afectado cabe entender que os seus efectos sobre a situación económico financeira dunha entidade local en nada coinciden cos derivados doutros recursos financeiros que esixen un reembolso das cantidades recibidas e por iso parece lóxico que o tipo de medidas a implementar no plan económico financeiro deban acomodarse á situación descrita. Sobre a base do exposto, cabe afirmar que a recuperación dos obxectivos de estabilidade presupostaria e, se é o caso, da regra de gasto, incumpridos pola utilización do remanente de tesouraría afectado se lograría coa simple aprobación do presuposto do exercicio seguinte en situación de equilibrio presupostario e dentro do límite de variación do gasto computable, sen necesidade de medida estrutural ningunha dada a natureza do remanente de tesouraría afectado no ámbito da Administración local.

Cumprimento de estabilidade financeira na execución do primeiro trimestre do ano 2018

Liquidación de ingresos Dereitos recoñecidos netos		Liquidación de gastos Obrigacións recoñecidas netas	
Capitulo 1	103.934,78	Capitulo 1	94.906,43
Capitulo 2	1.564,64 €	Capitulo 2	55.710,23
Capitulo 3	27708,80	Capitulo 3	0,00
Capitulo 4	147.148,72 €	Capitulo 4	0,00
Capitulo 5	3823,84	Capitulo 5	0,00 €
Capitulo 6		Capitulo 6	97,015,05
Capitulo 7	32097,23	Capitulo 7	
TOTAL	316.278,01€	TOTAL	249.839,00 €



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Previsión tendencial . Estabilidade e cumprimento da regra do gasto , tómanse como valores os mesmo da liquidación do ano 2016 , tanto en DR como OR , PMP do ultimo trimestre do ano 2017 , así como os datos do presuposto do ano 2018 dado que no se preveen grandes alteracións en materia de ingresos ou gastos segundo os seguintes datos que son unha mera previsión .

2018/2019. Datos establecidos nos marcos presupuestario remitidos


Ingresos no financeiros	Gastos no financeiros	Axustes propia entidade	Axustes por operacións internas	Capacidade/ necesidade financiación
1.189.347,00	1.189.347,00	0,00	0,00	0,00

Regra de gasto 2018

Exercicio 2018					
Base Gasto computable - IFS liquidación 2017	Tasa referencia 2018	Aumentos y disminuciones (art.12.4)	Límite regra gasto 2018	Gasto computable liquidación 2018	Cumprimento regra de gasto
644.150,88	659.610,50	0,00	659.610,50	659.610,50	

Regra do gasto 2019

Exercicio 2019					
Base Gasto computable - IFS liquidación 2018	Tasa referencia 2019	Aumentos e diminuciones (art.12.4)	Límite regra gasto 2019	Gasto computable liquidación 2019	Cumprimento regra gasto
659.610,50	677.419,98	0,00	677.419,98	659.610,50	



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Sostenibilidade Financeira -

Débeda Pública

Non se preveem a asinado de operacións de crédito ,

PMP

Prevese a mesma situación que no último trimestre do ano 2017

V.-Medidas a adoptar para corrixir a situación.

Dado que a causa do incumprimento é a utilización do remanente de tesourería e non existe un déficit estrutural , non se precisan medidas correctoras , tendo este plan unha natureza meramente explicativa pero non correctiva

Conclusión e obxectivos .

A xestión do orzamento do ano 2018 deber ter en conta na tramitación das modificacións de crédito , o obxectivo de estabilidade presupostaria marcado polo Goberno estatal .Cerdido, 19 de abril de 2018. O Alcalde, Benigno Galego Castro.


Os membro do pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobo a proposta anterior . Cinco votos a favor dos concelleiros Rocío Martínez Martínez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros e o voto da Alcaldía e catro abstencións dos concelleiros Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto José Esmoris Aldao

7. Rogos e preguntas

O Concelleiro Pablo Casas Cribreiro , solicita a alcaldía a posibilidade de que o concello poña un tubo nun camiño antigo en Rebordaos para que a Deputación poda botarlle Formigón .

O alcalde toma nota do rogo e anuncia que falará co persoal da Deputación .

A Concelleira Ana Rodríguez Montero, solicita información sobre a maquina que se solicito para a limpeza de pistas , o alcalde explica que no pleno anterior equivocouse na contestación dunha pregunta en relación desta maquinaria porque se solicitou co Fondo de Compensación Ambiental e e aínda non se sabe nada , o que si contestaron foi Agader que xa concederon a subvención para o camiño solicitado .



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

exp. 2018/G010/000002

Ás 21:10 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, como secretaria, dou fe.